

Autoridade polÃtica mundial

DescriciÃn

Business is business. Con pena... Puidemos observar na semana pasada as serias carencias institucionais da comunidade internacional, permanecendo inerte ante os graves sucesos ocorridos en Xinjiang (China non é Abisinia, lembrando o vello cántico republicano contra os feixistas italianos, "Guadalajara no es Abisinia, porque aquÃ los rojos tiran con bombas de piÃa") e brindando ao sol, unha vez mÃis, en L'Aquila, con motivo da xuntanza do G-8. Neste contexto, asistirÃamos tamÃn ao "lavado de imaxe 2x1" de Obiang, botafumeirado oportunamente polos antigo e novo rÃxime espaÃol (Fraga e Moratinos). Con Honduras, as institucións internacionais quedaran xa cansas a outra semana...

Pero con gloria..., ¿esculpindo no ceo? Diante deste panorama, semella que a semana serÃ lembrada, si acaso, pola presentaciÃn da encÃclica Caritas in Veritate, a terceira do Papa Ratzinger. O texto, amosando na sÃa sistemÃtica, a servidume de varias mans, recolle, con contundencia por veces, entre outros, unha aproveitÃbel reflexiÃn –difÃcil de non compartir nalgunha medida– sobre as consecuencias da globalizaciÃn e a actual crise mundial; Ãsta levou a Bieito XVI a retrasar a sÃa apariciÃn, para poder actualizala coa axuda de expertos econÃmicos (Zamagni, Universidade de BoloÃa); a escasez de tradutores ao latÃn, reseÃada por algÃn medio, Ã descoÃecer a realidade vaticana.

OgallÃ que a encÃclica, coherente co rumbo –compatible ou non– que iniciara Ratzinger na sÃa etapa de Ratisbona coa "teoloxÃa da comuniÃn" e reflexo do pensamento social papal temperado con tonalidades asumÃbeis do Consello Pontificio Xustiza e Paz, sirva como libro de ruta e non sexa guiada no baleiro, escomenzando pola propia Igrexa á hora da sÃa posta en prÃctica. O talante da carta, aÃnda propugnando unha subsidiariedade escasamente practicada no propio eido catÃlico (por non falar da discriminaciÃn da muller e dos dereitos dos pobos, o desprezo en xeral da igrexa ao galego, con unha abraiante diglosia de comunicaciÃn en castelÃn con Deus e en castrapo homilÃstico co pobo), reloce, nembargantes, diante das sombras dos actuais dirixentes mundiais carentes –mÃis alÃ do marketing– dun discurso medianamente crÃbel. Claro que, xusto Ã recoÃcelo, acÃ xa dos primeiros tempos de elecciÃns dos bispos pola asemblea de fieis, a non necesidade pontificia de pasar polo contraste con Ãstes facilita o argumentario...

Crise, Estado e Autoridade polÃtica mundial: que Deus escoite ao Papa ¡QuÃ menos! Diante da crise, "O mercado Ãnico dos nosos dÃas non elimina o papel dos Estados, mÃis ben obriga aos Gobernos a unha colaboraciÃn... A sabidurÃa e a prudencia aconsellan non proclamar apresudamente a desapariciÃn do Estado. Con relaciÃn á soluciÃn da crise actual, o seu papel parece destinado a medrar, recuperando moitas competencias" proclama a encÃclica.

Xunto a esto, propugna o seu texto a constituciÃn dunha "Autoridade polÃtica mundial", proposta xa por outros papas, que, mÃis alÃ da actual ONU, poida encarar os vastos problemas da actual crise (emprego, migraciÃns, alimentos, enerxÃa, medio ambiente, desarme, seguridade, paz, etc.). "O desenvolvemento integral dos pobos e a colaboraciÃn internacional esixen o establecemento dun grao superior de ordenamento internacional de tipo subsidiario para o goberno da globalizaciÃn", resultando, a tal respecto, que "na presenza dunha recesiÃn de alcance global, sÃntese moito a urxencia da reforma tanto da OrganizaciÃn das Nacións Unidas como da arquitectura econÃmica e financeira internacional"; pero de Ãnde sairÃn os polÃticos non corruptos encargados do Goberno mundial. Os aspectos prÃcticos quedan no aire.

Sen dÃbida estamos ante unha encÃclica, que non causarÃ indiferenza...

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Otros ARCHIVO

IDIOMA

Galego

Fecha de creaciÃn

julio 15, 2009

Campos meta

Autoria : 3740

Datapublicacion : 2009-07-15 00:00:00